REUNIÓN DA COMISIÓN 3.ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Día: 24.02.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
XERAL SAIDA
20 FEB. 2017
Núm. 1556

A Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 24 de febreiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección da Secretaría da Comisión

Punto 2. Preguntas orais en comisión

2.1 2692 (10/POC-000356)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre a valoración polo conselleiro de Facenda no relacionado coa redistribución da recadación fiscal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

2.2 3002 (10/POC-000473)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o artigo 72 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

2.3 3327 (10/POC-000556)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración das actuacións levadas a cabo e as medidas baralladas polo Goberno central en relación coa situación das persoas afectadas pola comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan, as adoptadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto, así como os datos referidos ás consultas formuladas na materia ao Instituto Galego de Consumo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 54, do 27.01.2017

2.4 3713 (10/POC-000611)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre os datos referidos ás axudas concedidas pola Xunta de Galicia ás

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
20 FEB. 2017
Núm. 1556

empresas Viriato e Caramelo do sector téxtil, a súa posible vinculación ao mantemento do cadro de persoal e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017

2.5 4696 (10/POC-000811)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación cos cortes na subministración de enerxía eléctrica producidos durante os temporais rexistrados en Galicia nos primeiros días de febreiro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

2.6 4847 (10/POC-000843)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as razóns do recorte que presentan, no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, os recursos destinados ás corporacións locais para a creación, mellora e ampliación de servizos básicos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/02/2017 13:36:39

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 3.ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez	S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vogais

José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Antón Sánchez García	EM
Gonzalo Trenor López	P
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Elección da Secretaría da Comisión

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 2692(10/POC-000356)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a valoración polo conselleiro de Facenda no relacionado coa redistribución da recadación fiscal

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 18:13
Nº Rexistro: 2692
Data envio: 28/12/2016 18:13:13.078

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª.**

A recadación tributaria obtida en Galicia nos nove primeiros meses do ano reflicte un cambio moi preocupante no peso que ten cada figura tributaria na estrutura fiscal.

Os datos reflicten unha redistribución inxusta da carga fiscal, porque gañan peso os impostos indirectos, que non discriminan por nivel de renda das persoas e, pola contra, perden recadación e peso os directos, isto é, os vinculados tanto a renda das persoas físicas como, sobre todo, ao imposto de sociedades.

Aínda máis, entre os grandes impostos o IVE é o único que aumenta a súa recadación, seguida polos impostos especiais, que tamén gravan ao consumo e, polo tanto, non son progresivos.

Pola contra, as figuras tributarias que están chamadas a ser as pezas básicas da progresividade fiscal e a redistribución, o IRPF e o Imposto de Sociedades, non só non aumentan senón que diminúen.

Estamos sufrindo un grande proceso de regresión fiscal, de perda de progresividade nos impostos, de redistribución inxusta da carga fiscal, que ten a súa expresión simbólica en que o IVE está a piques de superar ao IRPF como principal figura impositiva.

Polo anterior, preséntanse a seguinte pregunta:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 18:13
Nº Rexistro: 2692
Data envio: 28/12/2016 18:13:13.078

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Que opina o Conselleiro de Facenda desta redistribución da recadación fiscal na que gañan peso os ingresos indirectos e o perden os directos?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2016.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 28/12/2016 17:50:17

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 24.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 3002(10/POC-000473)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o artigo 72 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 10:43
Nº Rexistro: 3002
Data envio: 05/01/2017 10:43:21.578

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** a súa resposta oral na **Comisión 3.ª**

Un dos obxectivos das políticas de vivenda en Galiza debería de ser a mobilización do parque de vivendas baleiras.

Un mecanismo que podería contribuir a acadar ese obxetivo é a fiscalidade sobre as vivendas baleiras.

Por outra banda a importante subida do IBI nos anos da chamada crise supuxo unha carga que non diferenciou entre vivenda habitual e vivendas desocupadas, e non tivo en conta as condicións económicas do suxeito pasivo, resultando por elo inxusta socialmente.

Con estos argumentos hai moitos concellos que teñen nas súas ordenanzas fiscais recargos no IBI para vivendas baleiras, recargo que segundo o art. 72 TRLRFL pode chegar ata o 50% pero non poden aplicarse porque o Estado, quen é o que ten a potestade regulamentaria neste asunto, non aprobou nengunha norma legal que determine cando e como legalmente unha vivenda está baleira. E ainda que a Xunta aprobou por Decreto o censo de vivendas baleiras, mediante o decreto 17/2016, http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160226/AnuncioG0423-220216-0001_gl.html, dita norma non é de aplicación aos recargos no IBI.

Por todo o anteriormente exposto o deputado que subscrebe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 10:43
Nº Rexistro: 3002
Data envio: 05/01/2017 10:43:21.578

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ten previsto a Xunta de Galicia algún tipo de demanda ao Goberno do Estado para a aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o artigo 72 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 05/01/2017 10:42:35

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 24.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 3327(10/POC-000556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración das actuacións levadas a cabo e as medidas baralladas polo Goberno central en relación coa situación das persoas afectadas pola comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan, as adoptadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto, así como os datos referidos ás consultas formuladas na materia ao Instituto Galego de Consumo

Publicación da iniciativa, 54, 27.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 10:17
Nº Rexistro: 3327
Data envio: 16/01/2017 10:17:32.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Xosé Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

Nos últimos anos coñecemos un número crecente de sentenzas relacionadas coa colocación de produtos financeiros enganosos ou a aplicación de procedementos abusivos por parte das entidades financeiras. De feito, no noso país está aínda recente a conmoción social que supuxo a estafa das preferentes. Máis recentemente, o 21 de decembro de 2016 o Tribunal de Xustiza da Unión Europea nunha nova sentenza ratificaba o abuso que supuxeron as coñecidas como cláusulas chan nos créditos hipotecarios e modificaba o criterio estabelecido polo Tribunal Supremo a respecto dos efectos retroactivos da incorporación destas. Deste xeito, pronunciábase a favor da retroactividade dos efectos das cláusulas, que xa foran declaradas nulas nun anterior pronunciamento por mor da súa falla de transparencia. Así mesmo, o Tribunal de Contas do Estado español recolle no seu informe feito público nas primeiras semanas xaneiro de 2017 o que levabamos tempo denunciando: o rescate estatal das caixas de aforro fíxose sen criterio e sen o control necesario para asegurar a utilización eficiente dos recursos públicos.

A sucesión destes feitos acompáñase, como é lóxico, dunha fonda inseguridade e preocupación por parte dos e das clientes das entidades bancarias e máis concretamente por parte de todas aquelas que teñen algún tipo de hipoteca acordada con elas. Estímase que en Galiza habería arredor de 200.000 persoas afectadas. Porén, a gravidade e

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 10:17
Nº Rexistro: 3327
Data envio: 16/01/2017 10:17:32.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importancia destes feitos non está a ter unha resposta esixente por parte das administracións, senón todo o contrario. Por iso, desde o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego observamos con preocupación como o goberno central rende pleitesía aos intereses da banca en lugar de fiscalizar a súa labor e como a Xunta de Galiza non dedica esforzos suficientes para espremer ao máximo as súas competencias en consumo.

A final de ano, o goberno do Estado prometía un decreto lei para sacar á luz Código de Boas Prácticas a respecto das cláusulas chan. Este novo anuncio ficou en papel mollado. Posteriormente, na primeiras semana de xaneiro anunciouse a inminencia dun Real Decreto que buscaba unha vía extraxudicial. Na segunda semana de xaneiro anunciouse que a demora remataría cun Real Decreto con saída nun Consello de Ministros que se celebraría o 13 de xaneiro. Finalmente, isto ficou en papel mollado e ese día non coñecemos a proposta do goberno estatal para solucionar un problema que afecta a millóns de persoas no Estado e a miles de persoas no noso país, sen recibir tampouco crítica ou presión por parte do goberno galego.

Máis aínda, as diversas cuestións que se foron filtrando nos medios de comunicación indicaban que o decreto continuaría a ser a todas luces insuficiente para os e as consumidoras e vantaxoso para as entidades bancarias que cometeron o abuso no canto de instar ao cumprimento da lei e á axilización dos trámites. Todo parece indicar como o Estado propicia, co silencio da Xunta, unha saída cómoda para a banca, non blinda os dereitos do consumidor e ningunha administración parece disposta a opinar ou investigar o feito de que as entidades bancarias se estiveran beneficiando todos estes anos dunhas contías cobradas indebidamente.

Ante as necesidades dos bancos desde os sucesivos gobernos sempre houbo prioridade nas para dar solucións rápidas e inxeccións urxentes e inxentes de diñeiro público. Porén, cando a necesidade e a urxencia vén por parte das persoas usuarias,

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 10:17
Nº Rexistro: 3327
Data envio: 16/01/2017 10:17:32.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incluso coa constancia de que sufriron abusos, ocultacións e enganos nas negociacións, as présas parecen ser outras, e interesa máis demorar as solucións.

Por todo isto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na comisión 3ª:

-Cal é a valoración do goberno galego da lentitude e pouca contundencia amosada polo goberno español para dar unha saída ás persoas afectadas por cláusulas chan?

-Que medidas tomou ou vai tomar a Xunta de Galiza para suplir a inacción do goberno español?

-Que valoración fai o goberno galego de que as medidas baralladas favorezan os intereses da banca por riba dos intereses das persoas usuarias?

-Que información ten a Xunta sobre o número e contidos de consultas chegadas ao Instituto Galego de Consumo así como o seu grao de resolución?

-Sentou ou vai sentar a Xunta de Galiza coas entidades bancarias para esixir a tramitación de oficio daquelas situacións afectadas pola sentenza do Tribunal Europeo?

-Ten pensando a Xunta de Galiza esixir ás entidades bancarias con sede galega a inclusión de seccións ou departamentos específicos de información nas propias entidades?

-Ten pensado a Xunta de Galiza favorecer xulgados de reforzo para dar saída á demanda motivada pola urxencia na resolución das demandas por cláusulas chan?

-Ten pensando a Xunta de Galiza tomar medidas para favorecer a arbitraxe?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 10:17
Nº Rexistro: 3327
Data envio: 16/01/2017 10:17:32.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten pensado a Xunta de Galiza habilitar a través do Instituto Galego de Consumo ou outra formulación mecanismos para observar se os acordos propostos polas entidades son novamente abusivos ou se axustan a criterios xustos?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2017 10:14:33

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2017 10:14:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2017 10:14:43

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2017 10:14:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 10:17
Nº Rexistro: 3327
Data envio: 16/01/2017 10:17:32.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2017 10:14:53

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2017 10:14:57

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 3713(10/POC-000611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos ás axudas concedidas pola Xunta de Galicia ás empresas Viriato e Caramelo do sector téxtil, a súa posible vinculación ao mantemento do cadro de persoal e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 18:20
Nº Rexistro: 3713
Data envio: 18/01/2017 18:20:48.214

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Begoña Rodriguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga e Abel Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou nesta cámara diversas iniciativas que perseguían o apoio da Xunta de Galicia ao sector téxtil galego, considerado un sector de desenvolvemento estratéxico en varias das nosas comarcas.

O día 4 de novembro de 2014, a Comisión de Industria do Parlamento de Galicia aprobou unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista, na que lle reclamaba á Xunta apoio ao sector téxtil galego incluíndoo na próxima Axenda de competitividade industrial galega, e o apoio cada ano aos proxectos de dinamización e renovación dos talleres a partir de 2015.

Xa naquel momento, se reclamou unha atención específica sobre a comarca de Ordes, comarca con 40.000 veciños e veciñas que viven, fundamentalmente, dos sectores agrogandeiro e téxtil, cun número importante de empregos derivados do sector da confección.

Nos derradeiros meses do ano 2016, temos visto na prensa diversas noticias que nos preocupan de xeito alarmante, como son as do inicio dos procesos de liquidacións da industrias do téxtil: Viriato e Caramelo, cos conseguintes despedimentos das persoas empregadas en ambas empresas, 289 segundo os datos publicados nos xornais.

Ante esta situación a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral:

1ª) Cal é a cantidade total que teñen recibido estas dúas empresas dos fondos da Xunta de Galicia?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 18:20
Nº Rexistro: 3713
Data envio: 18/01/2017 18:20:48.214

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2ª) Que condicións se lle esixiron para a concesión das axudas?

3ª) Tiñan algún compromiso para o mantemento do cadro de persoal?

4ª) Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para que estes fondos investidos teñan unha repercusión positiva, ben mantendo os empregos ou ben devolvendo as contías recibidas?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/01/2017 18:09:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/01/2017 18:09:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/01/2017 18:09:32

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 4696(10/POC-000811)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación cos cortes na subministración de enerxía eléctrica producidos durante os temporais rexistrados en Galicia nos primeiros días de febreiro de 2017

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 17:58
Nº Rexistro: 4696
Data envio: 07/02/2017 17:58:49.504

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa aos danos causados polos temporais e ás responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras.

Ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de sucesivos temporais que tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas humanas. Ademais, causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos.

Un dos efectos máis graves foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten a ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado.

Alén diso, para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir tamén cómpre inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 17:58
Nº Rexistro: 4696
Data envio: 07/02/2017 17:58:49.504

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentrais, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Por estas razóns, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª

- Ten obrigado ou vai obrigar a Xunta de Galiza ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza?

- Ten estabelecido ou vai estabelecer a Xunta de Galiza medidas sancionadoras ás empresas prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo?

- Ten avaliado ou vai avaliar a Xunta de Galiza o impacto dos danos causados polo temporal e as deficiencias da rede sobre a economía galega?

- Ten recibido a Xunta de Galiza información por parte das empresas subministradoras de electricidade das causas na demora do restabelecemento da electricidade?

- Que medidas correctoras esixiu ou vai exixir o goberno galego por parte das empresas subministradoras de electricidade?

- Ten orzado a Xunta de Galiza as axudas necesarias para particulares e empresas por causa do temporal? En que contías?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 17:58
Nº Rexistro: 4696
Data envio: 07/02/2017 17:58:49.504

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2017 17:51:42

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2017 17:51:45

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2017 17:51:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2017 17:51:49

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2017 17:51:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 17:58
Nº Rexistro: 4696
Data envio: 07/02/2017 17:58:49.504

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2017 17:51:54

Reunión da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 24.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.6 4847(10/POC-000843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns do recorte que presentan, no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, os recursos destinados ás corporacións locais para a creación, mellora e ampliación de servizos básicos

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4847
Data envio: 09/02/2017 16:26:28.252

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No proxecto de orzamentos correspondentes a este exercicio 2017, na Título V Corporacións Locais, atopamos que no capítulo 7, transferencias de capital, código 602 A corporacións Locais para creación , mellora e ampliación de servizos básicos a cantidade consignada é de 1.986.666 €, o que supón un descenso dun 62,75 %, é dicir, 3.346.667 € menos para esta partida.

O Grupo parlamentario socialista, como grupo municipalista e que coñece a necesidade de todos os concellos galegos de financiamento para poder dar cumprimento ás necesidades básicas da súa veciñanza, así como das competencias que lle outorga a lei, non entendemos que nun orzamento que medra un 2,5 %, a cantidade destinada para este fin sufra un descenso tan importante, por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cál é o motivo do descenso do orzamento dedicado a concellos para dar cumprimento ás súas necesidades básicas?

2ª) Considera o Goberno galego que a creación, mellora e ampliación de servizos básicos en Galicia está tan desenvolvida que se poder rebaixar esta contía nun 62,75 %?

3ª) Considera o Goberno galego que os concellos galegos contan cun financiamento suficiente que lles permita facer un investimento satisfactorio nos servizos básicos que teñen asignados por lei?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/02/2017 16:22:28

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/02/2017 16:22:38

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es